## Irmandade da Fala de Betanzos.

### Acta de Constitución

En la ciudad de Betanzos á diez y seis de enero de mil novecientos diez y nueve.

En el local designado para ésta sociedad, Soportales del Campo, 22, con la asistencia de sus organizadores, reunidos con el fin de constituir definitivamente ésta sociedad según el reglamento aprobado por el señor Gobernador civil de ésta provincia en fecha dos de enero corriente, se procedió á la elección de la Junta directiva que ha de regir ésta sociedad hasta el mes de mayo próximo, fecha en que tomará posesión otra directiva según el artículo 35 del reglamento por que nos constituimos, quedando elegida de la siguiente forma:

Presidente, señor José Ferreira Acevedo; vice presidente Angel Ramos; secretario, José Vía Golpe; vice secretario, Manuel Crestar Díaz; Tesorero, Manuel Lousa Díaz; Contador, Luis Ares Castro; Bibliotecario, José Babío Teijeiro; Vocales, 1º Alfredo Curiel; 2º, Manuel Gómez Casal; 3º, Salvador Mosteiro; 4º, Agustín Novo Maceiras; 5º, Alfonso Rey Teijeiro.

Cuyos señores tomamos posesión de los respectivos cargos excepto los señores Curiel y Mosteiro que no lo hacen por no estar presentes.

Seguidamente se acordó que la Junta directiva celebre sus sesiones ordinarias todos los lunes á las ocho de la noche y se dió por terminado el acto.

De todo lo cual certificamos.

José Ferreira — M. Lousa — José Vía Golpe — José Babío — Agustín Novo — Angel Ramos — Luis Ares — Manuel Gómez — Alfonso Rey Teijeiro

Acta de constituzón da "Irmandade da Fala de Betanzos"

Na Cibdade de Betanzos a vinteoito de Sanmartiño de mil novecentos vinte.

No dia d'hoxe e con ouxeto de proceder â constituzón da "Irmandade da Fala de Betanzos" axuntaronse no primeiro sobrado da casa numero vintedous dos Soportaes do Campo que e o escollito pra local-social os señores que deseian fundala.

Os axuntados acordan que presida a xuntanza o señor Xosé Ferreira Acevedo e nomean para Segredario ô señor Luis Ares Castro.

Axiña o Presidente da conta de que foi aprobado pol-o Sr Gobernador Civil da Cruña o Regramento pol-o que debe rexirse ista sociedade e que pra xeneral conocemento do mesmo pol-os presentes vai sere lido pol-o Segredario; o que se efeitua.

Isto feito todols-os presentes mostran-a sua conformidade co-él na sua totalidade pol-o que proclaman a constituzón de xeito definitivo da "Irmandade da Fala de Betanzos"

Dimpois procedese â eleción dos señores que han formal-o Consello Diretivo ô que fase por votación segreda de conformidade cô disposto no Regramento. A mentada eleción da o resultado seguinte:

Conselleiro primeiro: Anxel Ramos Lacave.
Conselleiro segundo: Salvador Mosteiro Pena
Segredario: Luis Ares Castro. Vice: Xaquin Pena Rodriguez. Tesoureiro: Xosé Ferreira Acevedo. Contador: Xesus Sánchez Candal. Bibriote

cario: Francisco da Torre

Vocaes

Benito Miniño Novo, Agustín Novo Maceira, Xosé Ramos Lacava, Xosé García Vázquez e Manoel González Gestal.

Os nomeados siñores pasan a ocupar os seus postos respeitivos dimpois de proclamados e posesionados sin protesta.

O Presidente electo da gracias no seu nome e no dos seus compañeiros do Consello pol-o grande honor que para eles siñifica o seren elexidos para os cárregos que lles mon corresponden mais que tendo en conta o entusiasmo que nos seus peitos alenta.

Co o que dase por rematada a sesión da que extendese a presente acta que firman os siñores do Consello Direitivo

Presidente
Anxel Ramos

Vice
Salvador Montero Pena

Segredario
Luis Ares T.

Vice
Francisco da Torre
Joaquín Peña

Tesoureiro
Ferreira

Contador
Xesús Pérez Candal

Vocaes

Manuel González

José Ramos

Benito Miniño

Xosé García

Agustín Novo Maceira

# Auta de constituzón da "Irmandade da Fala de Betanzos"

Na Cibdade de Betanzos a vinteoito de Sanmartiño do mil novecentos vinte.

N-o dia d'hoxe e con ouxeto de proceder â constituzón da "Irmandade da Fala de Betanzos" axuntáronse no primeiro sobrado da casa número vintedous dos Soportaes do Campo, que e o escolleito pra local social, os siñores que desxian fundala.

Os axuntados acordan que presida a xuntanza o señor Xosé Ferreira Acevedo e nomean para Segredario ô señor Luis Ares Castro.

Axiña o Presidente da conta de que foi aprobado pol-o Sr Gobernador Civil da Cruña o Regramento pol-o que debe rexirse ista sociedade e que para xenral conocemento do mesmo pol-os presentes vai sere lido pol-o Segredario: o que se efeitua. Isto feito todos-os presentes mostran-a sua conformidade co-el na sua totalidade pol-o que proclaman a constituzón de xeito definitivo da "Irmandade da Fala de Betanzos"

Dimpois procédese â eleción dos siñores que han formal-o Consello Directivo o que se fai por votación secreta de conformidade cô disposto no Regramento. A mentada eleción da o resultado seguinte: Conselleiro 1º Anxel Ramos Lacava Conselleiro 2º Salvador Mosteiro Segredario Luis Ares Castro. Vice Xaquin Pena Rodriguez. Tesoureiro Xosé Ferreira Acevedo. Contador: Xesús Sanchez Candal. Bibriotecario: Farruco da Torre.

Vocaes:

Benito Muiño Novo, Xosé Ramos Lacava, Agustín Novo Maceiras, Xosé Garcia Vazquez e Manuel Gonzalez Gestal.

Os nomeados siñores pasan-a ocupar os seus postos respeitivos dimpois de proclamados e posesionados sin protesta.

O Presidente eleito da gracias no seu nome e no dos seus compañeiros do Consello pol-o grande honor que pra eles siñifica o seren elexidos pra os cárregos que lles nos corresponden mais que ten en conta o entusiasmo que nos seus peitos alenta.

Cô que dase por rematada a sesión dos que extendose a presente acta que firman os siñores do Consello Directivo

O Segredario

Luis Ares C.

O Presidente

Vice

Vice

Tesoureiro

Bibliotecario

Contador

ARQUIVO MUNICIPAL BETANZOS

Na cibdá de Betanzos á vinte de xaneiro do 1.919.

Sres D.
Anxel Ramos
Manoel Lousa
Lois Ares
Xosé Babío
Agustín Novo
Xosé Vía Golpe Segdrio

Ca asistencia dos siñores que ó marxen se espresan celebrouse á xuntanza d'oxe.

Quedaron admitidos coma irmáns os siñores: Gumersindo Teijeiro, Xoan Lago, Manoel González, Lois González Vico, Xosé M. Rosende Farruco Teixeiro Granja, Xosé Teijo, Xesús Cachaza, Xesús Fernández Posada, F. García, Pedro Varela, Emilio Fariñas, Xosé López.

Acordouse tamén mercar ~~e~~ unhos suxetos pra segredaría é unha lámpara de filamento por haberse inutilizado unha d'as do noso local social.

Designouse ó segredario pra que ~~[illegible]~~ trate co encuadernador i emprestar varios libros da Biblioteca d'ista sociedade.

E por último, acordouse facer unha nova velada designándose como director de escea ó irmán D. Xosé Ares, por ausencia temporal do siñor Ferreira.

Do todo cal, certifico

Xosé Vía Golpe

IRMANDADE DA FALA * BETANZOS *

ARQUIVO MUNICIPAL * BETANZOS *

# Xunta de 27 Janeiro 1.919

Sres D.
Xosé Ferreira
Lois Ares
Xosé Viafolpe

Ca asistenza dos siñores mentados ó márxen tivo efeito a xunta ordinaria d'hoxe.

Douse conta pol-o segredario das solicitudes d'ingreso dos siñores D. Xosé Vareta, D. Isidro Otero Pombar e D. Vicente García sendo aprobadas.

Aprobárouse tamén varias contas presentadas pol-o siñor Contador.

Seguidamente acordouse facer un regalo ás rapazas que representaron no cadro de Declamación consistente en un símbolo das Irmandades pra chavello ou imperdible que se encargarán á un prateiro.

Douse conta d'unha communicación do segredario do Comité executivo do Partido Nazonalista galego pedindo se lle xire pesetas vinteecinco que é ó que lle corresponde á ista Irmandade pol-os gastos do Directorio. Ouvida á opinión d'os siñores que constituían á sesión, quedouse en escribille contestándolle que deban mandarnos unha conta detallada do porqué d'istes gastos.

Según ó acordo do Ayuntamento d'ista cibdá de data 25 do corrente mes os albres que eisisten na praza da Constitución betanceira van á ser cortados e considerando que isto é un aito feito por convenenza caciquil acordouse que á Irmandade da Fala eleve á súa protesta por tal feito.

De todo d'eal, certifico.

Xosé Viafolpe
Segredario

Nota: Aparece na fia daZanetta á cantidá de vinteecinco pesetas por unha equivocación, pois é á de setenta é cinco. Valla—

Vº

[illegible]

Xuntra de 3 febreiro 1.919

Señores.
Ramos
[illegible]
Novo
Rey Teixeiro
Xosé Viaxobe

Ca asistenza dos siñores qu' o marxen se espresan celebrouse á xuntanza d'hoxe.

Aprobouse á solicitude de irmán de D. Xosé Ramos Lacabe.

Douse conta do resolvido pol-o Axuntamento d'iste pôbo respeito da protesta d'ista Irmandade que foi o de quedar sin efeito á corta das magnolias da Praza da Constitución dándose por enterados.

Acordouse tamén á organización d'unha velada coma celebrada ó día catro de xaneiro derradeiro dexinándose o siñor Xosé Ares para director de escena por ausenza temporal do anterior director señor Pereira.

Seguidamente según ó falado con varios siñores da Irmandade da Fala da Cruña pol-os irmáns D. Xosé e D. Lois Ares acordouse levar a cabo un mitin ó domingo próximo día nove, de propaganda galeguista e axeitado ó actual momento autonomista no que falarán según ofreceron os irmáns da Cruña Ares Villar Ponte e Peña Novo así como outros siñores que virán ó dito día con varios tamén irmáns d'ista.

De todo ó cal certifico

Xosé Viaxobe

9 [illegible]

Sres D. Xuntanza de 10 febreiro 1.919

Anxel Ramos
Lois Ares
Manoel Lousa
Xosé Vía López secretario

Coa asistencia dos siñores espresados ó marxen celebrouse á xunta anunciad hoxe.
Lida á solicitude de D. Lois Monteiro pra seu ingreso coma irmán foi aprovada.
Seguidamente, pol-o siñor Tesoureiro, douse conta d'os gastos habidos na celebración do mitin antonomista organizado por ista Irmandade o día 10 derradeiro que foron aprobados.
O siñor Anxel Ramos como presidente accidental don conta da que lle mandaron da Cruña especificando os gastos do Directorio cuio importe de setenta é cinco ptas non podemos xirar por non dispoñer de tal suma en Caixa acordándose comunicar ó directorio decindolle que xiraremos ó ter diñeiro pra taquela.
Tamen se informou por min, de gradais d'haberlle pedido ó Siñor Villar Ponte no día d'onte un artigo manifesto pra imprentarmos eiquí dirixido as donas betanceiras co obxeto da formación da Irmandade Feminina que particularmente tiñamos falado antrós da Directiva quedando os siñores da xunta enterados.
Do cal, certifico.
[illegible]

Sres D.:
José Ferreira
Anxel Ramos
Lois Ares
José Vía Golpe

— Sesión de 17 de febreiro de 1.919 —

Ca asistenza d'os siñores que no marxen se espresan tivo efeuto á xuntanza da directiva d'hoxe.

Douse conta do estado dos ensaios q^e. se efeitúan co ouxeto da organización d'unha velada, pol-o cadro de declamazón d'iste Irmandade dándose por enterados.

Seguidamente douse conta d'unha carta de D. Constante Amor de Santiago en que, como autor d'un traballo persentado ôs Xogos Frorales organizados por ista Irmandade en Agosto derradeiro, pide se lle mande prá imprental-o y-en vista d'isto acordouse escribir ó que de aquí entonces era presidente, D. Farruco Vales Villamarín, pedíndolle resolva isto por ser él quen debe ter en seu poder ó dito traballo que versa sobre "Exigencias ferroviarias de Galicia y necesidad de resolver este problema"; pois no arquivo d'ista Irmandade non eisiste ningún dos traballos do dito certámen.

De todo ó cal certifico.

J. Vía Golpe

Sres D.
J. Ferreira
A. Ramos
M. Lorza
L. Ares
L. Vía

24 febreiro 1917

Coa asistenza dos siñores espresados no marxen efeutuouse á Xuntanza ordinaria d'hoxe na que, logo de cambear impresiós sobor da marcha dos ensaios que ven efeutuando o cadro de declamación d'esta Irmandade acordouse celebrar unha velada ó próisimo día vinteoito no Teatro Alfonsetti. Dos pormenores da velada quedaron encarregados os siñores do cadro así como dos demáis detalles concernentes a mesma.

De todo ó cal certifico.

L. Vía

ARQUIVO MUNICIPAL BETANZOS